

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 13 DE
AGOSTO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trece de agosto de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don José Antonio Baamonde López e dona María Jesús Vieites Mariñas, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Ángeles Gutiérrez Sánchez como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Orzamentos xerais para o exercicio 2008

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 12 de agosto do ano que andamos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o documento presentado é froito dun diálogo amplo con todas as forzas

políticas, e por iso agradece a todos os partidos o seu ánimo por dialogar e conversar co equipo de goberno, así como as suxestións e ideas achegadas. Di que o documento recolle suxestións de moitos lugares, pero o proceso de diálogo foi moito máis intenso co BNG, nese sentido agradécelle en público a súa postura de diálogo e os seus esforzos por intentar acadar un documento de consenso.

Continúa dicindo que este documento ten como punto de partida o feito de que non altera a saúde financeira de Cambre. Di que Cambre é un dos municipios que ten menos débeda se se compara coa media doutros municipios, en relación cos cales é un municipio moi saneado. Se miran o custo da débeda municipal de Cambre e a dividen polo padrón do ano pasado ou polo actual, sae unha carga de entre 38 e 40 euros anuais por habitante. Esa é unha contía claramente inferior á doutros municipios. Entre os municipios de máis de 20.000 habitantes di que o máis habitual é atoparse con débedas que se moven entre os 50 euros por habitante, e non é nada estraño municipios entre 80 e 90 euros por habitante, é dicir, máis do dobre da carga de débeda de Cambre.

Por outra banda, di que tamén descende a carga financeira, é dicir, non só teñen unha débeda moi asumible, senón que tamén o que tocaría pagar cada ano descende. Nese sentido hai un informe público do Consello de Contas do ano 2005, onde indicaba que a carga en Cambre ascendía a 6,37 %, os datos por el calculados para este ano sitúanse nun 5,30 %, é dicir a carga financeira sobre o conxunto do orzamento tamén descende, o que reforza a súa posición de saúde financeira. Indica tamén que, se comparan con outros concellos, Vilagarcía ten unha carga de 9,37; A Estrada de 6,95; ou Redondela de case o 12%. É dicir, municipios similares a Cambre, o superan.

Se fan unha análise da débeda viva no Concello de Cambre, é dicir, a que teñen realmente a día de hoxe, móvese ao redor dos 202 euros por habitante, cando a media de Galicia en municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes, móvese ao redor dos 230 euros. Con isto o que quere transmitir é que se atopan ante un documento orzamentario que terá as súas virtudes e defectos, pero que a saúde financeira do concello é sa, e non se parece ao que ultimamente se fixo popular, que foi ver concellos con serios problemas económicos.

Segue dicindo que o documento orzamentario presentado ten dous piares básicos. O primeiro é a austeridade no gasto, neste bloque inclúense propostas destinadas a mellorar a eficiencia da administración pública, reducindo os seus custos de funcionamento. O obxectivo orzamentario foi conxelar, ou reducir, o máximo de partidas orzamentarias que non afectaran ao bo funcionamento do concello. Escolléronse partidas como retribucións de altos cargos, ou atencións protocolarias, que cumpren co obxectivo do axuste, e porque

ademais teñen unha grande carga simbólica, e cren que é necesario que os cidadáns de Cambre valoren o esforzo dese documento, dese diálogo que tivo lugar entre os partidos políticos. A desaparición dalgúns programas públicos tamén permitiu liberar fondos cos que atender aos obxectivos orzamentarios.

Entre algunhas das partidas que se axustan está, por exemplo, a de retribucións a altos cargos, que baixa nun 30 %, uns 83.000 euros; a partida de atencións protocolarias rebaixase nun 2%; a partida de formación municipal nun 75 %, vestuario de persoal municipal nun 50%; investimentos en edificios municipais supón unha redución de case o 80 %, 427.000 euros, mobiliario de oficina nun 40 %; outros gastos de protección civil, nun 95%; investimentos xerais e servizos sociais nun 62 %; investimentos en edificios de educación nun 56 %. E así podería buscar moitas partidas máis, pero di que fixo mención ás que superaron por termo medio os 20.000 ou 30.000 euros. É dicir, reduciron orzamento nesas partidas porque entenden que o esforzo investidor e os obxectivos marcados implicaban curtir alí onde o recorte non afectase ao bo funcionamento da administración.

Continúa dicindo que, por outra banda, houbo algúns gastos que se liberaron porque os programas aos que estaban comprometidos xa non o están, por exemplo, no plan coordinador de Servizos Sociais libéranse 58.000 euros, no Consorcio Galego de Igualdade e do Benestar pasa de 100.000 a 45.000 euros, aínda que tamén é certo que a contía liberada se destina totalmente á galescola da Barcala. Axudas a comedores escolares libérase no 100%, 61.000 euros, o Programa Leader tamén se libera en 40.000 euros, etc. Son partidas que estaban no documento do 2007 e que agora xa non están, o que supón unha liberación de fondos coa que despois poder manter e sufragar outros gastos.

Tamén intentan limitar o gasto de persoal, de feito crece a inferior ritmo que o orzamento, crece nun 9,27 %, e o orzamento crece nun 9,63 %. O crecemento do gasto de persoal di que está baseado, como despois explicará, en atender a un conxunto de demandas históricas, de modificación do complemento de destino e específico, e tamén actualizar o crecemento do cadro de persoal naqueles aspectos en que, de non facerse así, se poría en xogo o bo funcionamento da administración, son as prazas de 4 axentes de protección civil e un conxerse para o colexio público do Graxal.

Por outra banda, hai un control importante de gasto corrente, nese sentido non escapan da disciplina orzamentaria, xa que o gasto corrente crece nun 3,47 %, moito menos que o orzamento que crece case un 10%.

Son dous os aspectos básicos, é dicir, primeiro a saúde orzamentaria, son un concello san economicamente, e segundo, buscaron, sondearon, escoitaron, e tentaron recurrir en todo o posible, todo se fixo para destinalo aos obxectivos do orzamento presentado. Recollen, ademais, o espírito de todos os grupos aínda que especialmente o espírito do BNG e do PSOE, que é reforzar o carácter social e as actividades que incentiven a actividade económica.

O primeiro punto é o carácter social. A acción social é prioridade municipal ante a situación de crise económica, e pensa que hai un consenso xeneralizado entre todas as forzas políticas do país, en que o primeiro obxectivo hoxe por hoxe é a acción social. Neste apartado o incremento é de case o 39 %, a política social municipal é por tanto a grande beneficiada do axuste orzamentario, xa que se incrementa en 288.000 euros. Incrementos significativos son, por exemplo, as actividades de Servizos Sociais, que crecen case nun 100 %, ao pasar de 45.000 euros a 90.000 euros, o servizo de axuda a domicilio, que pasa de 50.000 a 150.000, ou as axudas de emerxencia social, que pasan a ser de 40.000 euros, crecendo un 80%. Nese sentido cre que recollen ese espírito e fan un esforzo importante. Para un concello como o de Cambre, incrementar esa partida, que non deixa de ser gasto corrente, en 300.000 euros, é un esforzo a ter en conta.

Di que a segunda parte consiste en impulsar a actividade económica. Para iso contan con preto de 4 millóns de euros en investimentos, máis o proxecto Arume, que suma algo máis de 4 millóns de euros. Aínda que este proxecto non se vai executar totalmente este ano, porque é un proxecto plurianual, o certo é que teñen cos investimentos que van aprobar, máis o escenario futuro, un escenario certo, de financiamento europeo, poderían dicir que teñen a curto prazo, 8 millóns de euros comprometidos.

En todo caso, quere falar do presente non do futuro que representa ese proxecto Arume, e quere sinalar que, en canto aos investimentos, aínda que moitos son de carácter plurianual, cren que fixeron un grande esforzo, e ademais moitos deles foron ou son cofinanciados por diferentes administracións, e nese sentido quere eloxiar o esforzo do Sr. alcalde, que foi o interlocutor antes as diferentes administracións.

Entre os proxectos con importes de maior entidade destacan o campo de fútbol Dani Mallo, o acondicionamento do campo de fútbol de Lendoiro-A Barcala, o acondicionamento da casa do concello, coa inclusión dun novo piso no concello e a conseguinte redución das rendas que se pagan anualmente, a rede wifi municipal, as expropiacións da estrada do cemiterio, o plan de aforro enerxético da iluminación pública, investimentos imprevistos en

temas de infraestruturas, acondicionamento de parques públicos, subministración de puntos de luz, saneamento en Pombo, Cobelo, Fabás (POS 2008), formación ocupacional, a casa da cultura, o acondicionamento do centro socio-cultural do Graxal, a ampliación do CEIP Graxal II, terreos para a construción dun colexio público e o pavillón polideportivo de Portofaro.

Di que de todas estas obras tense falado moitas veces ao longo do ano e medio que levan de lexislatura, e que todos están convencidos de que hai un certo consenso sobre a oportunidade de realizar este tipo de investimentos. Por outra parte, respecto do proxecto Arume quere recordar que se basa fundamentalmente na creación da rede wifi municipal, en instalar enerxía solar na piscina municipal, rexenerar o Campo da Festa, o plan para humanizar O Graxal, a senda fluvial de transporte alternativo do Río Mero, o acondicionamento do centro socio-cultural do Graxal, o parque multifuncional de Sigrás, os equipamentos deportivos, a pista de skate, os equipamentos sociais, como a ludoteca ou a casa da cultura, e determinados plans de promoción, difusión e xestión.

Conclúe dicindo que basicamente este é o documento que se presenta e que está a debate.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, solicita que dado que o propio Sr. Salcines recoñeceu que estes orzamentos teñen o apoio do BNG, se cambie a quenda e que o voceiro do Bloque explique a súa postura.

O Sr. alcalde respóndelle que a palabra correspóndelle ao PP.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez expón que, respecto do proxecto Arume, na páxina web do concello aparece hoxe, dentro dese proxecto a casa das ideas, cando quedou moi claro nun pleno que tiveron que ese proxecto era rexeitado.

Continúa dicindo que o Sr. Salcines manifestou na súa intervención que Cambre é un concello san, logo houbo un silencio, e engadiu economicamente, di que por aí vai ir a súa intervención. Non vai falar de números, porque lles dixo o que lle convida a el, pero pola contra non lles dixo nada de que os impostos directos aumentan un 5,11%. Non dixo que se volven a endebedar no importe exacto que se amortizou o ano pasado. Pero di que non vai falar de números, que neste pleno extraordinario quere falar de persoas, sentimentos, valores e tamén algo de ideoloxía. Cando di das persoas quere facer referencia a que un orzamento como o de Cambre, de preto de 17 millóns de euros, vai ser xestionado por un equipo de goberno, persoas ao fin e ao cabo, presidido por un alcalde e un tenente de alcalde a quen hai poucos meses, toda a oposición do concello, incluído o BNG, pediu a dimisión. Lembra que

nese pleno o voceiro do BNG pronunciou a palabra delincente que a petición do Sr. alcalde se retirou da acta, lembra que nese pleno se solicitou a comparecencia do Sr. Varela Tejedor pola contratación irregular de varias persoas próximas ao PSOE. Lembra a lóxica preocupación de todos os grupos polos intentos de contratar os servizos públicos a dez anos, e non a catro como sería desexable e normal. Lembra o intento de aprobar unha relación de postos de traballo que uniu a todos os grupos na súa contra. Lembra a pésima xestión das obras en Cambre nesta lexislatura, a época de menor investimento e maiores accidentes ou incidentes da historia de Cambre.

Cando di que vai centrar a súa intervención nas persoas, pensa en 70 persoas que se presentaron a un proceso de contratación irregular, que pagaron as súas taxas e se esforzaron na preparación das oposicións, e que logo non se tiveron en conta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Di que todo o contrario que con eses beneficiados está a ocorrer agora cos membros de protección civil. Vanse crear catro novas prazas nas que, en principio, non se ten en conta a entrega voluntaria e altruista dos voluntarios, que a Lei de emerxencias de Galicia si recolle como mérito. Parécelles inxusto que non se recolla esa vocación e polo tanto anuncia que no próximo pleno o seu grupo vai presentar unha moción para que se recolla.

Neses casos dende o PP ven claramente a dobre vara de medir, o contorno do PSOE, e os demais. En ocasións anteriores xa lles dixo que con eles sería fácil entenderse, só catro palabras, seriedade, rigor, austeridade e respecto. Esas catro palabras son as que antepoñen a calquera negociación.

Como exemplo de falta de rigor poñen o tema do aparcadoiro do Temple. No pleno extraordinario que solicitaron sobre O Graxal, e nunha das reunións que mantiveron, falou-se da posibilidade de construír un aparcadoiro subterráneo nunha parcela municipal de 3.000 m². O Sr. alcalde dixo que lle parecía ben, que era posible, e que se poderían iniciar negociacións con empresas construtoras. No pleno posterior a esa reunión, a unha pregunta do BNG, o Sr. alcalde dixo o contrario, que non se podía facer o aparcadoiro porque a Consellería de Sanidade non o autorizaba.

Como mostra de falta de respecto ponlles de exemplo que, nesa mesma reunión, o Sr. alcalde lles dixo que se non pactaba co PP pactaría co BNG. Di que o PP de Cambre toma as súas propias decisións, non en función do que poidan ou non facer os demais. Eles non firmaron cheques en branco como pretendían e son consecuentes. Cando no mes de febreiro pediron a dimisión do Sr. Varela Tejedor e do Sr. alcalde estaban facendo as cousas mal, pero están

convencidos de que actualmente están a facelo peor, polo tanto son consecuentes. A ese comentario de que se non pactaban co PP que o farían co BNG, contestáronlle que co BNG si que sería posible pactar, xa o fixeron, con eles non, con eles non sería posible pactar, con eles o que poderían acadar, en todo caso, sería o apoio aos orzamentos.

Como exemplo de falta de austeridade poden poñer as actuacións do concelleiro de Facenda, as viaxes, presentación e cobro de gastos de representación que non deberían ser aceptados, e menos no caso do concelleiro de Facenda. Na última reunión que mantiveron sobre os orzamentos dixéronlle que con estes antecedentes, para ofrecer o seu apoio, sería necesario que se lles facilitase o control da acción de goberno. A resposta do Sr. alcalde foi que poderían crear unha comisión para controlar as obras, iso non era o que eles solicitaban, o que eles solicitaban era ter un control directo á acción de goberno. Evidentemente esa foi a última reunión porque non interesaba esa condición.

Segue dicindo que o PP de Cambre neste momento está revisando os gastos de representación do equipo de goberno. Por iso no último pleno apoiaron a moción que presentou EU-IU, para desenvolver un código ético que obrigue, entre outras cousas, a xustificar o que se gasta con cargo ao concello, e que como é moi fácil de demostrar, hoxe en día son gastos totalmente inaceptables.

Por eses mesmos motivos presentaron unha moción para que o manexo dos fondos depositados en entidades bancarias se leve a cabo cunha mesa de contratación, e non como se fai agora cunha dilixencia do concelleiro de Facenda incumprindo co artigo 29 da Lei da función pública.

Están revisando os gastos de representación os sábados, porque obríganlles a facelo en horario de traballo e non se lles permite, por exemplo, levar a documentación ao salón de plenos para poder traballar con comodidade. Obríganlles coa desculpa de que teñen que facelo en presenza de funcionarios. En calquera caso todo iso motívaos a seguir traballando.

Na rolda de prensa que deron conxuntamente o Sr. alcalde, o tenente de alcalde, o voceiro do BNG e a concelleira do BNG dona Gumersinda Becerra, xustificaron a súa decisión de apoiar os orzamentos no aumento das partidas de Asuntos Sociais, novo colexio, centro de día e galescola. Di que é bonito, e que son uns mestres en manipular, en repartir os escasos recursos do concello. Os orzamentos son os mesmos de sempre, practicamente sen cambios, o problema era como xustificar ese acordo, e o mellor para iso era tocar a sensibilidade da xente, porque respecto do colexio novo están falando dunha partida de 30.000 euros, e pensa que calquera veciño de Cambre sabe que con ese diñeiro non se fai un colexio novo.

Continúa dicindo que outra gran mentira que lles vai moi ben é culpar á Xunta do PP de todo. No último pleno o Sr. Lisnier acusou á Xunta do PP de non construír un colexio. Como todos saben, condición imprescindible para construír un colexio é poñer a disposición da Xunta o terreo, e pregunta onde está o terreo que puxeron a disposición da Xunta do PP para construír ese colexio. A resposta é que non hai ese terreo, que non o houbo nunca.

Dille ao PSOE e ao BNG que gobernaron en coalición catro dos cinco últimos anos, e por iso lles pregunta onde está o terreo que antes e agora obrigatoriamente había que cederlle á Xunta para construír o colexio. Tamén lles quere preguntar que fixeron nestes últimos cinco anos co Plan xeral de ordenación municipal, porque non o ven nos orzamentos.

Engade que tamén lles dixeron noutra ocasión que en Cambre non pagan todos, e iso tampouco o ven nos orzamentos. En Cambre hai unha lista de espera de máis de 250 empresas que agardan solo industrial. As empresas son as que xeneran emprego e riqueza, e tampouco as ven nos orzamentos. O emprego non se xenera nas publireportaxes como a que saíu fai quince días de tres páxinas en 'La Voz de Galicia', pagada con cargo ao erario público, para dar coñecemento do programa de tapeo, un programa de só cinco bares, durante un mes e medio. Un programa de tapeo merece tres páxinas en 'La Voz de Galicia'. Así non se xenera emprego, iso non é austeridade.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o voto do seu partido vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o primeiro que quere é aclarar unha cuestión de orde. A quenda de intervencións está marcada polo resultado electoral, e supón que o PP estará satisfeito de ter acadado a segunda quenda de intervencións no pleno, e que o BNG teña a terceira, porque senón sería porque os resultados das eleccións terían sido distintos. Xa verán se dentro de tres anos se alteran as quendas cun resultado distinto.

Segue dicindo que o normal é que comece agradecendo as palabras do Sr. Salcines e o seu recoñecemento ao seu esforzo, porque así foi, e non lle queda máis remedio que devolverlle as mesmas palabras no sentido de que, unha vez que se puxeron en serio a falar da urxencia que tiña o documento orzamentario, non tardaron demasiado tempo, entre o Sr. alcalde e el como voceiro do BNG, en chegar a un acordo. Un acordo sobre un instrumento para poder gobernar, o BNG o que fai, como xa fixo público no mes de abril ante a súa preocupación pola tardanza e voltas que se estaba dando a este debate, foi tender a súa man e ofrecer a súa vontade de diálogo, de chegar a acordos, para que o Concello de Cambre non estivera sen

orxamentos, porque unha cuestión é que eles estean na oposición, e así é, e seguirán a estalo, e outra cousa é que polo seu labor ou omisión se poida contribuír ao desgoberno. Nin el, nin o grupo ao que representa están dispostos a iso, e di que pensaba que os demais grupos tamén estaban nesa tesitura, polo menos as palabras que se pronunciaban eran nese sentido. Eles dixéronas e ademais cumpríronas.

Do que se trata agora é de ratificar ou non un documento orxamentario que é unha simple ferramenta, é un instrumento. O día de hoxe é para falar dese documento, dos seus números e dos seus contidos, non para falar doutras cousas, aínda que tamén poden facelo. Di que non é por responder á anterior intervención, pero que hai algunha cuestión que quere comentar, porque unha cuestión é aprobar ese instrumento, e outra cousa é darlle un voto de confianza e un borrón e conta nova a todo o labor de goberno durante este último ano. El, como é evidente e consta en moitos sitios, foi voceiro dunha posición contraria a determinada acción de goberno, pero fundamentalmente a inacción de goberno, que foi o que máis lle preocupou e lle vai seguir preocupando como voceiro do BNG.

Di que o Sr. Salcines fixo unha lectura estensa e que é de agradecer o seu esforzo en preparar esta presentación, pero quere situar unha serie de interrogantes sobre o seu discurso, o que non implica que se modifique a posición do seu grupo neste pleno. Afirmo que hai unha serie de datos de tipo técnico que son indiscutibles. Na teoría están mellor que moitísimos outros concellos, están nunha posición económica saneada, polo menos non de dificultade extrema, que permite se se xestiona ben, que se fagan cousas, pero así xa estaban nos últimos anos, despois de superar o baixón co que se atoparon no comezo do goberno na pasada lexislatura. Pero hai datos no orzamento que el trouxo aquí para comentar porque lle preocupan. Por exemplo, se se fixan no nivel de execución do orzamento do 2007, a 31 de decembro, pódese ver que o nivel de execución dese orzamento foi baixo, dos 15 millóns e pico de euros, ampliados a 21 e pico, que tiña ese orzamento, deixáronse de gastar máis de 5 millóns de euros. Iso quere dicir que se deixou de gastar en cousas que, en principio, estaban programadas para darlle servizo aos cidadáns e cidadás do concello, ben a través de gasto corrente, ben a través de investimento. Se tamén se fixan na execución dos ingresos, das previsións definitivas do orzamento de ingresos do ano 2007, deixáronse de ingresar, por diferentes motivos, máis de 6 millóns de euros.

Di que todo iso lévalle a facer a reflexión de que todo ese esforzo de austeridade e contención de gasto que o BNG puxo como cuestión prioritaria para a negociación, hai que seguir facéndoo, porque se cadra non está garantizado que os ingresos que se contabilizan neste orzamento sexan reais, e que polo tanto o gasto pode ser excesivo. Pensa que hai que seguir facendo o esforzo no mesmo sentido no que van algúns dos capítulos do orzamento,

parécelle importante que determinados gastos de tipo burocrático e de xestión política se baixen o 14 % no gasto político e algo máis do 13 % no gasto de administración xeral, burocrático. Parécelle un bo dato, e que pola contra que suban outros que son de carácter social, que son bens correntes, ou gastos de persoal, pero que van dirixidos directamente a satisfacer as necesidades da xente.

Di que hai algúns datos que son bos, que parten dunha boa situación, pero que tampouco o BNG as ten todas consigo, e por iso xa no pleno ordinario do mes de agosto, van seguir exercendo o seu papel de oposición, de fiscalización, de control, e de facer propostas para que o goberno as teña en conta. Algunha das cuestións nas que se van centrar xa as coñece o Sr. alcalde, e xa as anunciaron en público, son precisamente os aspectos que baixo a súa proposta se incorporaron ao orzamento. Saben que este orzamento ten un período de vida moi curto, porque entre a súa publicación, exposición pública e aprobación definitiva vanse a encontrar, seguramente, a mediados de setembro, practicamente o momento de comezar a elaborar o do 2009. Pero neses poucos meses que lle queda de execución van estar vixiantes de que unha serie de trámites, unha serie de procedementos e iniciativas que se van a aprobar con este orzamento, se leven efectivamente adiante.

Di que tamén hai algunhas cuestións que quere destacar no lado positivo, non só no lado das dúbidas. Di que se incorpora unha partida que aprobaron entre todos, pero que é á iniciativa do BNG, que consiste en habilitar unha bolsa de diñeiro especial para axuda a mulleres vítimas da violencia de xénero. Tamén aumentaron unha partida que era moi pequena, de 5.000 a 25.000 euros, para o equipamento da escola de música, que todos agardan se poida rematar antes de perder ningunha outra subvención. Respecto da partida para terreos do colexio, di que efectivamente son 35.000 euros. O terreo que teñen acordado está situado entre Cambre e A Barcala, máis cerca da Barcala, fronte a Molduras do Noroeste, nunha zona que está cualificada nas Normas subsidiarias como de equipamento, pero que é de propiedade privada. Ese é o terreo, segundo a superficie que a Consellería de Educación diga, que teñen acordado, e esa é unha das razóns importantes pola que van apoiar o orzamento. Lograr que se adquira ese terreo e que se poña a disposición da Consellería de Educación. A cantidade é pouca, pero segundo comentaron os técnicos de Intervención, a Sra. interventora, e segundo acordaron eles tamén, hai outras partidas, que se incorporarán como remanente, que figuran para a adquisición de terreos, que poderán sumar un importe de 60 ou 70.000 euros para esa adquisición. En todo caso, el preguntou para informarse na sección de Urbanismo, e comentáronlle que un terreo cualificado de equipamento, en proceso expropiatorio, pode andar entre 4 e 8 euros/m². Se do que falan é dunha superficie entre 5.000 e 8.000 m², é fácil botar a conta, e pode que con eses 35.000 euros, máis os outros 30 ou 35.000 que están noutra partida, sobre para a adquisición do terreo, se van pola

vía expropiatoria. Por iso era absurdo poñer cantidades maiores cando con esas cantidades podería ser suficiente. En todo caso, o compromiso que houbo foi poñer esa partida, iniciar as negociacións ou o proxecto de expropiación dos terreos, para o ano que vén podelo entregar á Consellería de Educación. Di que o BNG se vai volcar en controlar que ese procedemento se leve adiante.

Continúa dicindo que a eles tamén lles gusta falar da xente, non lles gusta falar de cemento, nin de cifras, parécelles pouco tamén o do centro de día ou o da galescola. Se se mira na ficha de gasto plurianual pódese comprobar facilmente que coa incorporación dos remanentes que xa figuraban no pasado exercicio, que foi aprobado no goberno de coalición da anterior lexislatura, máis a incorporación de 50.000 euros no ano 2009, que xa figura neste orzamento na súa ficha plurianual, dá un total de 140.000 euros. Aproximadamente vai supoñer o 10% do investimento que Vicepresidencia vai facer no centro múltiple de galescola e centro de día, que é o 10% que correspondería ao concello. Se están falando de que a estimación dese investimento andaría sobre 1.400.000 ou 1.500.000 de euros, o 10 % son precisamente eses 140.000 ou 150.000 euros engadindo algo máis, que lle correspondería ao concello. Polo tanto, pode parecer pouco, e ás veces falar de cantidades enormes é o que dispara as expectativas, pero o que a el lle interesa é que cantidades pequenas logo efectivamente se executen, e dentro de pouco as familias de Cambre poidan dispoñer deses equipamentos.

Tamén se van incorporar, como compromiso, unha serie de cuestións, algunhas delas xa aprobadas no pleno pasado, por iniciativa do BNG, que van no sentido de camiñar cara a eficiencia do gasto corrente, en temas tan importantes como o gasto enerxético. É un compromiso que hai do goberno, pero que ademais é un compromiso adoptado polo pleno da corporación o mes pasado. E o resto das partidas de investimento, unha boa parte delas, efectivamente, son continuistas, e se o son o BNG non podía opoñerse a elas, porque nunha porcentaxe moi importante foron partidas que o BNG apoiou no seu momento.

O BNG ten moi boa memoria, non esquece o pasado, pero facendo política o que lles preocupa é mirar cara o futuro. Non están dando ningún cheque en branco, non se trata dunha confianza sen límites, nin van entrar no goberno. O acordo que acadaron está en todos eses documentos que teñen diante, con letras e números, os compromisos están aí para que todo o mundo os poida ver. Non hai compromiso oculto de ningún tipo e, dende logo, fixo unhas referencias antes o Sr. Cubeiro a determinadas peticións que se fixeron nun pleno, e el simplemente quere recordarlle que esas peticións quedaron aí. Foron peticións de dimisión, e incluso lembra outra máis, el mesmo lle pediu ao Sr. alcalde que se non dimitía que destituise ao primeiro tenente de alcalde, non lle fixeron caso. Non sabe se a alternativa que

teñen é atrancar o funcionamento do concello para o resto da lexislatura, ou darlle algunha solución para que funcionen as cousas. Di que el non ten confianza ningunha, pensa que ten a mesma que o Sr. Cubeiro na capacidade xestora do concello, porque aínda non sabe por que non se levou adiante toda esa porcentaxe de gasto que non se executou no orzamento do 2007. En todo caso, agora do que se vai preocupar, dende o seu posto como voceiro dun grupo na oposición, é de que se sigan executando, e o que vai facer o BNG é felicitarlle ao goberno un instrumento para que poida traballar, para que non siga dicindo, un mes tras outro, que sen orzamento aprobado non poden facer as cousas. Agora xa van ter o orzamento aprobado e pídelles que o demostren facendo as cousas que lles interesan á xente de Cambre. Para iso poden contar co BNG. Queren mirar cara o futuro, vai quedar aprobado o orzamento, un orzamento onde non só se incorporan propostas do grupo de goberno ou do BNG, senón tamén propostas que o resto dos grupos foron incluíndo ao longo de toda a lexislatura que levan.

Engade que antes se esquecía de dicir que, cando debateron en pleno o 31 de xaneiro todo o tema dos auxiliares, pensa que entre todos fixeron un traballo encomiable, importante, e logo o que fixeron foi poñelo nas mans da outra administración que ten que seguir facendo os seus deberes. Pero o BNG non quedou contento con iso, e un mes despois, no mes de febreiro, trouxo ao pleno ordinario a revogación do acordo de adxudicación das prazas de auxiliares, e non saben o motivo, pero o PP non quixo continuar con ese labor encomiable e botouse para atrás. Parécelles unha pena que non se rematase a faena dun acto que todos consideraban mal feito, mal executado e xestionado, pero o BNG fixo os seus deberes, mentres que os outros adoptaron outras saídas. En todo caso están nunha situación na que pensa que todos queren que o goberno deixe de ter esa desculpa, que o goberno poida exercer o seu deber de gobernar e facer as cousas, e aí se van atopar todos os grupos municipais e todos os voceiros, demandando e esixindo que os acordos se executen, porque el pensa que todos están de acordo en que son bos para a xente de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que para o seu grupo a confección dos orzamentos non só debe responder a un exercicio de planificación e obtención de ingresos, ademais, dende o seu punto de vista, esa planificación deberíase realizar cunha ampla participación dos veciños e veciñas, a través do que debería ser un regulamento de participación cidadá, un regulamento, por certo, para cuxa elaboración se aprobou unha moción, pero que parece ser está olvidado.

Esta sería unha vía para transformar a democracia directa consistente en votar cada catro anos, nunha democracia participativa, é dicir, facer que os veciños se sintan protagonistas e que saiban en que se empregan os seus impostos, poidan escoitalos, poidan presentar

suxestións e propostas das súas necesidades nas distintas parroquias. Á marxe de que despois se aproben ou non pola corporación, pero polo menos escoitalos dunha forma máis directa. Iso debería terse en conta para próximos anos, e dunha vez por todas desenvolver o regulamento de participación cidadá, que parece que entre todos queren enterralo antes de ver o día.

A escasos dous meses de comezar a elaboración dos orzamentos para o 2009, están debatendo aínda os do 2008. Estes orzamentos preséntanse tarde e comprometidos polos expedientes de modificación de créditos, como sinala a interventora no seu informe, e que foron aprobados pola corporación.

Tamén quere recordar que, como un xesto de responsabilidade, no mes de abril o seu grupo fixo unha proposta de 25 puntos, e formulou a posibilidade de incluír algún deles nos orzamentos. Pero sempre foron conscientes de que por cuestións de maiorías non son determinantes nas votacións para a súa aprobación, demostrando que non se ten capacidade para chegar a acordos concretos cos demais grupos.

Certamente un plan de investimentos é sempre unha visión política das prioridades que existen no concello, pero botan en falta unha racionalización das necesidades para chegar a un equilibrio entre as parroquias, algunhas das cales non teñen un mínimo de infraestruturas. Son, por tanto, uns orzamentos insolidarios, onde non se fai unha redistribución racional do diñeiro en función das necesidades das parroquias. Poden observar en diferentes capítulos de investimentos de anos anteriores como en partidas asignadas a algunha parroquia se fan modificacións de crédito e anulan os investimentos, poñendo como exemplo o de Sta. M^a de Vigo, e incluso a parroquia de Cela, que xa no ano 2003 tiña asignados 48.080 euros para unha pista polideportiva, e mediante modificacións cambiáronse as partidas, resultando que a día de hoxe non conta coas mínimas infraestruturas culturais nin deportivas. Nese sentido non poden confiar no goberno municipal. Un ano máis o goberno municipal se burla e ignora aos veciños de Cela, condenándoos ao máis absoluto abandono.

Está seguro de que o Sr. alcalde é un bo coñecedor do concello, e debería saber das súas necesidades. Os veciños de Cambre non conciben como contando con máis de 11 quilómetros de ribeiras do río Mero non se teña axeitado unha zona de baño e de recreo. Non viu nada nos orzamentos que se destinara a facer ningún tipo de infraestruturas nese sentido. Agora é o momento de comezar a facer as xestións, tendo en conta que onte estiveron a falar cos responsables das obras do río Mero e se vai a repoboar con bastantes árbores. Deberían adiantarse para non ter despois que curtar as árbores que van plantar agora. El xa falou noutras ocasións de que se podería facer unha zona de baño e recreo na zona da ponte das

Insuas, tradicionalmente un dos lugares máis concorridos e fermosos para zona de baño e recreo no concello.

Tamén quere dicir que atrás quedan as múltiples iniciativas presentadas polo seu grupo. Presentaron 18 mocións, 84 rogos e 91 preguntas, algunhas delas con bastante interese e calado nos veciños. Só quere poñer tres exemplos: transporte de alumnos á universidade, cubrición dos polideportivos de Pravio e Sta. M^a de Vigo, e os parques para maiores, que é unha moción do pleno anterior.

Moitas das mocións foron aprobadas por unanimidade, tendo como resultado un compromiso practicamente nulo na súa execución, o que fai acentuar a súa desconfianza na xestión do goberno municipal.

Dille ao Sr. alcalde que, dende o seu grupo, son conscientes dos escasos recursos do concello para investimentos, pero esa responsabilidade correspóndelle aos que gobernaron durante moitos anos o Concello de Cambre e non foron capaces de sacar para adiante o Plan xeral de ordenación municipal, que sería o motor para xerar os recursos para dotar ao concello das infraestruturas e medios necesarios, como poden ser vivendas sociais, terreos para colexios, parques, beirarrúas, etc. Seguen sendo incapaces de sacar para diante o plan. Aínda ten que explicar o Sr. alcalde onde se vai facer a casa da cultura, e que proxecto se vai levar a cabo.

Di que Cambre necesita maior dotación en ensinanza, en cultura, en sanidade, en seguridade viaria, etc., pero a xestión na planificación levada a cabo en Cambre, non foi paralela ás necesidades que provoca unha maior densidade de poboación, xurdindo barrios con enormes carencias de infraestruturas e servizos, algunhas de difícil solución como pasa na parroquia do Temple, e concretamente no Graxal, e tendo que soportar o concello unha sobrecarga económica importante para paliar esta situación.

A transparencia é escasa, permiten que se presuposte en xenérico, sen especificar que camiños ou rúas se van reparar, que zonas precisan iluminación ou que fontes ou lavadoiros necesitan arranxo. Hai partidas e investimentos que non teñen apelidos. Sería interesante que se contase coa opinión dos grupos da oposición e incluso coa dos veciños, no só coa dos técnicos municipais.

Tamén quere destacar para que gastan o diñeiro nunha empresa para valoración dos postos de traballo do concello se seguen contemplando no orzamento un incremento de horas extras e de produtividade.

Ponse de manifesto no informe de Intervención que se deberían adoptar as medidas necesarias para reforzar e incrementar os gastos por taxas de ocupación de vía pública, nalgún caso non se aplica, incumpríndose as ordenanzas municipais para tal efecto. É, por exemplo, o caso dos paneis publicitarios que invaden o concello sen ningún tipo de contraprestación.

Outra cuestión que bota de menos no informe é canto lle supón aos veciños de Cambre o gasto en costas procesais, por denuncias dos particulares ante a mala xestión do goberno. Pensa que hai bastante diñeiro empregado en costas que teñen que pagar o conxunto dos veciños do concello.

Tamén bota de menos que non haxa unha partida específica para o Consello Escolar Municipal. Dá a sensación de que non se necesita este órgano, sen ter en conta a cantidade de problemas que se están dando na comunidade escolar no concello.

Tamén lles parecen excesivos os gastos relacionados co certame de pintura. Parécelles que 47.200 euros é unha cantidade que sería aconsellable paralizar. Poderíase facer un certame de pintura infantil, facendo que os rapaces conecten realmente coa pintura, e non un certame de pintura elitista, que moitos veciños e veciñas de Cambre nin sequera o van a ver. Non quere dicir que estea en contra do certame de pintura, pero pensa que habería que facer unha maior contención no gasto neste tipo de eventos.

Tamén lle di ao Sr. alcalde que o seu grupo reconece un incremento orzamentario en Servizos Sociais. Estiman que un 38 % é un avance importante, de modo que a este tipo de cuestións se lles poida dar respostas inmediatas ante as necesidades que se presentan.

Esperan que para os próximos orzamentos exista unha contención salarial no relacionado cos cargos de libre designación, nas dedicacións parciais e exclusivas dos responsables de goberno. Parécelles unha medida solidaria tendo en conta o momento de recesión económica e de crise que se está atravesando no conxunto do Estado. Corresponde aos responsables públicos dar exemplo de aforro e de austeridade e tamén de contención no gasto. Por iso o seu grupo anticipa que van solicitar que para o vindeiro ano se conxelen os gastos de dedicacións exclusivas e de cargos de libre designación.

Di que o seu grupo quere ser responsable e consecuente coas súas propostas e co traballo realizado no ano de lexislatura que levan, e non vai votar a prol dun documento que avalia unha política que, non hai moito tempo, rexeitou de raíz o conxunto da corporación.

Asumirán coa maior responsabilidade os acordos acadados no pleno, velarán polo seu cumprimento, pero de ningún xeito asumirán a responsabilidade de apoiar a un grupo de goberno no cal non cren, e que é incapaz de gobernar. Os propios orzamentos e a súa aprobación no mes de agosto son o exemplo máis claro da súa falta de capacidade para facelo.

Conclúe dicindo que o seu grupo se vai abster na votación e que quere deixar moi claro que a súa posición non significa unha carta branca á política do goberno, todo o contrario, é un xesto de responsabilidade no ánimo de non paralizar a actividade municipal que demandan, con moita razón, os veciños e veciñas. Pero en ningún caso debe interpretarse como un aval á xestión do goberno. En definitiva, para eles os orzamentos son insolidarios, non participativos, non teñen en conta ao cidadán e non aplican as medidas para reducir o gasto superfluo. Todas estas cuestións parécenlles motivos suficientes como para non apoiar co seu voto os orzamentos, e que por conseguinte se van abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que como xa o resto dos grupos foron facendo unha valoración do conxunto dos orzamentos, el quere simplemente dar unhas pinceladas. Na comisión informativa fixo unhas preguntas sobre determinadas cantidades, fundamentalmente limpeza de locais públicos municipais. Di que o deixaron sorprendido porque cada un dicía unha cousa distinta, o alcalde, o concelleiro de Facenda e o concelleiro de Presidencia. Loxicamente se non están de acordo nesas cousas, ou se non están enterados, por mal camiño andan.

Hai unhas cantidades que suben en temas sociais, subvencións a entidades sen ánimo de lucro, etc. que lle parecen ben. Hai tamén unha partida para emerxencia social de 40.000 euros que lle parece moi ben, para que se este ano hai algún accidente ou algunha desgraza, como as do ano pasado, haxa cartos non só para levar ao hotel á persoa afectada, senón tamén para comprar un palé de ladrillos para que xunto co traballo que os veciños acheguen se reconstrúa a vivenda.

Pero tamén hai outras cantidades importantes, como son os 100.000 euros para actos protocolarios. Di que son 274 euros diarios durante todo o ano para ese tipo de actos, e cada un pode pensar diso o que queira.

Tamén se falou dos 35.000 euros en gastos xurídicos dos órganos de goberno, contra 5.000 da administración do concello. Non entende iso, supón que eses 35.000 euros serán para

pagar ao bufete de Barcelona que veu defender a Cambre un litixio do Sr. alcalde e do anterior concelleiro de Urbanismo.

Continúa dicindo que tamén se estrana, porque na comisión informativa dixo o Sr. Salcines que deberían ler o documento. Dille que tamén el o debería ler, xa que non sabe por que na valoración do cadro de persoal, na páxina 70, pon: Órganos de goberno-dedicacións exclusivas, Alcaldía, e unha cantidade que como non ten por que dicir non o vai facer, pero que despois, nas medias dedicacións figura, en primeiro lugar, a Concellería de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, cunha media dedicación, cando o Sr. concelleiro de Presidencia, despois de pelexar e de intentar cobrala, e despois de non conseguir a compatibilidade do concello onde traballa para poder facelo, renunciou a ela no pleno. Aínda así aparecen 34.517 euros no orzamento para ese concelleiro. Talvez o que ocorre é que ese documento é unha copia do que se presentou o ano pasado, e que están cobrando por facer copias do documento do ano pasado, modificando só pequenas cousas. E como iso hai moitas máis cousas.

Para non enlevar máis as cousas, e porque pensa que non vale a pena, quere dicirlle ao Sr. Salcines que cando ao principio repetiu por dúas veces que isto era o froito do traballo cos grupos da oposición, el pode asegurar que con el non chegou a botar 1 hora, porque non cre que o seu voto lle preocupase moito, seguramente lle preocupan máis outros grupos con máis concelleiros. Por iso lle pide que diga que botou tempo con quen o botou, pero non con todos, porque, como dixo, con el non chegou a botar 1 hora.

Por isto e por outras historias das que poderían seguir falando, o seu voto ten que ser en contra, a moito pesar, porque di que a el tamén lle gustaría que as cousas foran doutra maneira e poder apoiar o orzamento, pero por todo o que acaba de comentar, e por outras cousas como, por exemplo, que as únicas obras que aparecen no orzamento son as que xa están comprometidas, as plurianuais, ou as do POS 2008, pero que non aparece ningún outro investimento en obras ou servizos. Por todo iso vai votar en contra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, dille ao Sr. Cubeiro que vai falar de valores e ideoloxías. Dille que el entrou na política con 20 anos, agora ten 42, e leva un ano e medio nun cargo público. Leva nun partido político 22 anos, e iso porque sempre viviu a política dun modo moi determinado e séntese bastante unido aos seus compañeiros, aínda que voten en contra das súas propostas, porque todos eles teñen algo en común, a creación, construír, construír sociedade. Cada un faino dende o seu punto de vista, unhas veces están de acordo e outras veces non, pero pensa que todos os que están presentes, a maioría dos cales son vellos na política, están aí porque todos teñen un modelo de sociedade. Todos

queren construír e queren desenvolver, cada un coas súas ideas, e por iso están en partidos distintos, pero a honorabilidade de todos eles el nunca a puxo en dúbida, porque na política nada se gaña, se un quere roubar vai a outro sitio. O que está metido na política de Cambre non é porque queira facerse rico, é porque lle interesa Cambre.

Di que o Sr. Cubeiro a cada rato pon en dúbida a súa honorabilidade, e explícalle que o feito de que se faga algo que ao Sr. Cubeiro non lle parece ben, non quere dicir que sexan ladróns, nin delinquentes. Pode que facer unha comida ou unha cea cun veciño non lle pareza ben, pero iso non quere dicir que el sexa unha peor persoa ou sexa un delincente. Se ao Sr. Cubeiro non lle parece ben a forma de asignación das contas pode dicilo, é a súa obriga e o seu dereito, pero se para gañar máis peso ou respecto pon en dúbida a honorabilidade do contrario, iso non lle honra. Dille que os que están na corporación, están cos seus puntos de vista, e están traballando. Pídelle que non se poña todo o día a difamar e insultar aos demais porque iso non lle fai ser mellor persoa. Pode dicir que Tapas de Cambre non lle gusta, pode dicir que el non o faría, e parécelle perfecto que o diga, pero cando empeza a poñer en dúbida a honorabilidade de todo o mundo perde o respecto, e pensa que se equivoca.

Dille ao Sr. Cubeiro que debería vir á política a construír o concello que desexa construír, e a crear, porque no pouco tempo que el leva aquí parécelle que o seu único obxectivo é destruír. Intenta establecer unha especie de estigma sobre os concelleiros do PSOE, ou quen sabe, tamén sobre algún do PP, para amosalos como unhas persoas impresentables. Poden facer un Cambre que ao Sr. Cubeiro non lle guste, e pode dicilo, e pode convencer aos demais diso e chegar a ser alcalde, pero para facer iso pídelle que non ensucie o nome dos outros, que diferencie o que é un punto de vista do que é a legalidade. Se alguén é un delincente deben dicilo os xuíces ou fiscais, e se cre que el é un delincente pídelle que o denuncie, porque está un pouco cansado e aburrido de que estea todo o día insultándoo. Tamén el se podería poñer a insultar, pero non é un home deses, e nunca vai poñer en dúbida a honorabilidade do concelleiro do PP.

Continúa dicindo que o Sr. Cubeiro fala de seriedade, pero el pensa que o concelleiro do PP non a ten, que ao mellor a tivo, e que ao mellor a ten na súa vida persoal, pero que como político non é un home serio. Respecto do rigor dille que tampouco o ten, que cambia de opinión con moitísima facilidade.

Respecto da austeridade que di que falta no orzamento, dille que non sabe que entende el por iso, pero que aos ollos da sociedade, en xeral, é austero. Talvez non tanto como quixera o Sr. Cubeiro, pero entón está no seu dereito de ir ás próximas eleccións e ganalas, e defendelo,

pero que aos ollos do país en xeral, Cambre é un concello austero, e tamén aos ollos de xente do PSOE, do PP, do BNG e doutros.

Sobre o rigor lémbrale que o Sr. alcalde dixo que querían facer un aparcadoiro subterráneo, e que se falou con empresas, que tras unha sondaxe foron as que dixeron que non había mercado suficiente na zona, concretamente EPAAT ten un número importante de prazas sen vender. A iso sumouse posteriormente que tamén a Consellería manifestou que en caso de que fixeran algunha instalación alí non querían un aparcadoiro debaixo. Iso é o que houbo, e se o Sr. Cubeiro tivera con eles máis diálogo xa llo terían dito. Pero antes diso xa se lanzou a insultar. Eles van seguir facendo a súa política, porque non queren enganar a ninguén, e son xente seria.

O PP recibe ao ano 21.000 euros, non sabe que fan con eses cartos, pero dilles que poderían xerar un emprego a media xornada, e que esa persoa podería acudir ao concello a mirar as facturas de 8 a 3. Que gastarían niso 11.000 euros, non 21.000. Pero o Sr. Cubeiro non quere iso, quere que se lle paguen horas extras aos funcionarios municipais, horas que está cuestionando todo o tempo, e con razón, o Sr. Taibo, para que o PP se aforre ter un empregado. As cousas non funcionan así, a política funciona dun modo distinto. Dille que ten dereito a fiscalizar, pero que non ten dereito a monopolizar o traballo dos funcionarios, e se non pode vir en horario de oficina, o PP ten os medios e instrumentos para poder facelo.

No futuro sería bo que se tiveran maior respecto entre todos. Asume todo tipo de críticas, pero insultos non, porque di que se acaba cansando, e que para iso están os xulgados, para denunciar, e están as actas, para que poidan ser levadas ante un xuíz.

Continúa dicindo que, no que respecta á intervención do Sr. Iglesias, quere volver a felicitalo, e no que se refire ás súas críticas, di que xa son coñecidas, que se teñen en conta, aínda que unhas as comparten e outras non, pero que en resumo o que valoran é poder presentar un proxecto que constrúe.

Sobre os comentarios do Sr. Taibo di que lle alaba a súa opinión de facer uns orzamentos participativos, e que aínda que non sexa un tema que estea maduro, xa falou coa interventora da idea de desenvolver no futuro ese tipo de orzamentos. Pensa que é unha demanda positiva e que na medida que poidan, tentarán levala a cabo.

Tamén formula o concelleiro de EU-IU un plan de investimentos para as parroquias. Di que os investimentos son xenéricos, un colexio, un centro de día, unha galescola, son investimentos que benefician a todas as parroquias por igual. Di que si é certo que non viría

mal facer unha reflexión sobre o estado dalgunha das parroquias, e que no futuro se estableza un proceso de diálogo sobre a posibilidade de establecer un plan nesa liña.

Respecto doutros temas tamén lle dá a razón, por exemplo, respecto das taxas de ocupación da vía pública, é un punto negro dentro da súa xestión que teñen que corrixir, e niso están. Precisamente a raíz dunha pregunta de EU-IU, os técnicos fixeron un informe e teñen o rexistro de paneis publicitarios e están traballando no tema. Son ideas que axudan a mellorar a xestión dos concellos.

Noutros gastos, como é o caso do certame de pintura, sen entrar nunha valoración sobre o idóneo ou non, quere sinalar que este ano o gasto foi superior porque se trata do 25 aniversario, para o ano que vén a contía previsiblemente baixará.

Respecto dos comentarios do Sr. Marante dille que a súa opinión é importante. Di que fala dunha serie de gastos, pero que o Sr. Marante foi concelleiro un montón de anos, uns 16, é que dese tema pode darlle leccións a el que só leva 1 ano e medio, porque seguro que coñece moito máis do funcionamento do concello. Respecto dos gastos en protocolo, dille que se suman as partidas do certame de pintura, máis as partidas de gasto en cultura, as do gasto de goberno, é dicir, todas as partidas posibles, incluíndo o petisco que deron con motivo da inauguración da mostra de fotografía na que o Sr. Marante tamén estaba, e na que invitaron a todo o mundo, entón claro que suman, pero que é a vida social de Cambre. Non pensa que poñer os petiscos só para os concelleiros, deixando a todo o mundo fóra, sexa o que a xente está pedindo. En todo caso, en esforzo protocolario gástase menos que cando estaba o Sr. Marante, porque a inflación subiu, o custo da vida subiu, e eles conxelaron ese gasto, co cal nese sentido é un menor esforzo.

Continúa dicindo que, por outra banda, claro que pode haber algunha errata no documento. Eles len o documento, non o memorizan, pero aínda que o lean pode haber algunha errata porque ata no Quixote hai algunha errata e iso que o escribiu Cervantes. Pídelle que non sexa tan esixente, porque ese exame nunca o superará.

Conclúe dicindo que se o Sr. Marante pensa que lle dedicou pouco tempo, aínda que el pensa que foi algo máis dunha hora, pídelle desculpas, e dille que como queda moita lexislatura por diante poden chegar a falar moito máis.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao Sr. Salcines que xa nalgunha ocasión lle pediu que non lle falara de cartos nos plenos, porque é lamentable. Tamén lle quere dicir que non lle fale de crear empregos, porque como non é de Cambre nin

coñece Cambre, non sabe que a súa empresa ten 50 empregados que son de Cambre, e que iso é un criterio que sempre levaron adiante, que foran de Cambre, polo tanto pídelle que non lle fale de crear empregos en Cambre.

Di que el nunca lle dixo nin que roubou nin que sexa corrupto, nin delinciente. Que o de delinciente díxoo o Sr. Salcines, o que el dixo foi que non era aceptable que viaxase a Londres, ao mercado de Portobello, Camden Town, e lle pasase os gastos ao concello. Que non era aceptable que diga que foi aí para ver ideas para a feira de Cambre. El non lle chamou nada diso, foi o Sr. Salcines o que fixo mención a palabra delinciente. El tampouco lle dixo que roubase, só lle dixo que non pode manexar millóns de euros do concello para bancos cos que mantén relacións comerciais. El non o chama nin delinciente nin ladrón, simplemente dille que non pode, está a aconsellalo que o faga ben.

Continúa dicindo que onte nas comisións, á primeira pregunta que fixo, o Sr. Salcines respondeulle que a tiña a resposta nos papeis. Pensou que era froito da súa actitude, pero despois viu que o problema é que non coñece os orzamentos, nin os negociou, nin os desenvolveu, e por iso non respondeu. Pero quere que quede claro que o Sr. Salcines non lle respondeu ás súas preguntas porque non coñece os orzamentos.

Tamén lle quere dicir que lle acaban de deixar o programa das festas. A súa empresa é unha das que está arriba de todo, e nunca lle facturou nada ao concello, non necesita nada del, non ten clientes no concello, e non obstante está arriba, polo que lle volve dicir que non lle fale de cartos.

Di que falando dos orzamentos o Sr. Salcines resume que Cambre vai investir 3 millóns de euros, iso nun orzamento de 17 millóns. O Concello de Carral, gobernado polo PP, cun orzamento de 7 millóns de euros, ten para investimentos 3,5 millóns de euros. E que se falan do tamaño do concello, ponlle como exemplo Oleiros que ten uns orzamentos de 30 millóns de euros, moi lonxe dos 17 de Cambre. Por tanto, di que non pode presumir nin polo lado dos ingresos nin polo lado dos investimentos, e sobre todo tendo en conta que a maior parte dos investimentos é por subvencións europeas.

O proxecto Arume, que tamén ten que preguntar ao BNG para saber que negociou, presentárono no pleno o día que remataba o prazo, polo que non houbo ningunha posibilidade de negociar nada, e aí é onde está o forte dos investimentos do orzamento. Se o investimento aumentou non foi porque Cambre teña máis cartos, aumentou porque houbo unha subvención. Ademais tratábase dun proxecto que viña de Culleredo porque os límites

territoriais que figuraban nel eran os do municipio de Culleredo, polo que supón que a mesma empresa que o fixo en Culleredo tamén o fixo en Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non sabe porque o Sr. Cubeiro lle pregunta polo proxecto Arume, porque quen votou a prol dese proxecto foi o PP, o BNG votou en contra. Supón que non está a dicir que cando un vota en contra dalgo por posicionamentos políticos, por conxuntura, ou porque quixo, despois var ter iso como motivo para tentar a súa destrución o resto da súa vida. El non inventou o sistema no que están, pero é o que teñen, o respectan e con el teñen que funcionar. Hai uns orzamentos anteriores aprobados, e haberá que executalos. Agora vai haber outros e tamén terán que executalos. Hai un proxecto aprobado que é o Arume polo que votou o PP a prol, e non sabe por que lle preguntan a el en que consiste, saberao quen o aprobou. O que pasa é que agora xa está aprobado e hai unha subvención concedida. El tería utilizado esa subvención para outras cousas, como xa explicou no seu momento, pero agora está aí e haberá que executalo.

Di que se atopa estranado, pensaba que neste pleno ían falar dunhas determinadas cousas. Di que el tiña interese particular ou político en que no debate orzamentario quedara como conclusión que o goberno queda comprometido a facer determinadas cousas. Pola contra atopouse con que o 60 % do debate consiste en levarse a matar uns cos outros, facer xuízos de intencións sobre o que se quere, e por riba cuestionarse que o que fai cada un na política. Pensa que vai ser a práctica a que dea resposta a iso.

Insiste en que para eles o que é importante do debate, independentemente de que se vote a prol, en contra ou se absteñan, é que o goberno queda comprometido a executar unha serie de cousas. Iso é o que debería quedar claro. Son tres, catro, cinco ou dez, pero esas cousas son as que teñen que marcar a guía tanto do goberno como dos grupos que estean na oposición. Todo isto quedou diluido e oculto en bullas de tipo persoal que non teñen en absoluto ningún interese. Se el fose o goberno estaría encantado de que os debates fosen por esa vía, porque así os compromisos a subscribir quedarían totalmente ocultos e ningún veciño nin veciña se enteraría de que ían as cousas. O importante é que dentro de dous anos non se volva ver a tristeza de nais con nenos pequenos que non teñen escola no lugar onde viven e que teñen que andar con desprazamentos. Ou que dentro de dous cursos non haxa 70 persoas en lista de espera para a galescola da Barcala, porque xa teñan outra que cubra esas necesidades. Ou que poidan ter un centro de día, o primeiro, porque aínda non existe. Esas son as cousas importantes que pensou que debían quedar como reflexo deste pleno. O demais non fai máis que turbar as cousas, é un debate que non merece a pena.

Conclúe dicindo que o que están aprobando é un instrumento para que o goberno governe, e eles vixiarán que o faga, xa que para iso se comprometeron.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agarda que o recoñecemento que fixo o Sr. Salcines se convirten en solucións que antes formulou. Que para lograr uns orzamentos participativos o primeiro que hai que facer é poñerse a traballar na comisión informativa creada con ese fin, e elaborar un regulamento de participación cidadá. E que respecto do reparto un pouco máis solidario nas parroquias, ten nas súas mans unha copia dos orzamentos do ano 2003, onde hai unha partida de 48.000 euros para Cela, e os veciños aínda están agardando. Anterior a iso tamén se reservou unha partida para facer unha praia fluvial nesa parroquia, e ao final os veciños se cansan, e din que lles están tomando o pelo. Por iso pide un pouco máis de seriedade na xestión e non meter agora unha partida orzamentaria para despois cambiala.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez dálle ao Sr. Salcines as grazas polo de concelleiro veterano, pero dille que aínda segue sendo concelleiro, que segue aí aínda que sexa noutro lado, e que seguramente coas mesmas ideas, porque co que non estaba de acordo era con algúns das cousas que había cando estaba e que por iso marchou, pero que sigue sendo concelleiro de Cambre.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2008, que ascende a un importe de 16.889.780,78 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	TOTAL	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.492.095,38	1 GASTOS DE PERSOAL	5.162.260,86
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	834.529,80	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.206.116,75
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.651.569,75	3 GASTOS FINANCEIROS	268.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.079.705,00	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	845.933,00
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	102.746,08		
Total Operaci3ns Correntes	14.160.646,01	Total Operaci3ns Correntes	12.482.463,52
OPERACI3NS DE CAPITAL		OPERACI3NS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.593.723,03
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.089.385,82	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	173.845,28
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	629.531,73	9 PASIVOS FINANCEIROS	629.531,73
Total Operaci3ns de Capital	2.729.134,77	Total Operaci3ns de Capital	4.407.317,26
TOTAL INGRESOS	16.889.780,78	TOTAL GASTOS	16.889.780,78

Segundo: Aprobar as bases de execuci3n do Orzamento para 2008.

Terceiro: Anular as seguintes modificaci3ns de cr3dito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar inclu3das nos cr3ditos iniciais do orzamento:

- 1.- Expediente de cr3dito extraordinario 1/2008. Importe: 4.665,00 euros. Motivo: Transferencia Comunidade Aut3noma veh3culo de protecci3n civil.
- 2.- Expediente de transferencia de cr3dito 1/2008. Importe: 12.000,00 euros. Motivo: Habilitar cr3dito suficiente para premio extraordinario certame de pintura.
- 3.- Expediente de transferencia de cr3dito 2/2008. Importe: 4.780,00 euros. Motivo: Habilitar cr3dito suficiente para convocatoria de subvenci3ns para entidades culturais.
- 4.- Expediente de xeraci3n de cr3dito 1/2008. Importe: 23.651,09 euros. Motivo: Subvenci3n da Xunta de Galicia para obra de Iluminaci3n no Corgo.
- 5.- Expediente de xeraci3n de cr3dito 2/2008. Importe: 365.825,78 euros. Motivo: Subvenci3n da Deputaci3n provincial da Coru3a por obras inclu3das no POS 2008.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do concello para o 2008.

2º Cadro de persoal

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 12 de agosto do ano que andamos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como xa se explicou onte na comisión informativa, as prazas que se queren aprobar son unha praza de conserxe, da escala administración xeral, subescala subalterna, esixíndose a titulación de certificado de escolaridade ou equivalente. Tamén catro prazas de axentes de Protección Civil, escala de administración especial, grupo C2, e titulación graduado en educación secundario obrigatoria ou equivalente. E unha amortización de dúas prazas de operarios de servizos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, expón que como xa sinalaron nas comisión, o seu grupo está a prol disto, de feito é algo que levan demandando dende hai tempo. Di que, non obstante, querría facer unha modificación no que se refire á formación académica dos membros de Protección Civil. Xa dixo que se debería valorar a súa experiencia ou o seu altruismo, e pola contra estase esixindo o graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, o que significa poñer barreiras aos que están prestando este servizo dende hai anos. Pensa que as bases deberían sentarse a través dunha mesa de contratación, e non hoxe no pleno. Quere que quede claro que nestes momentos hai xente que leva 10 anos traballando e non poden obter a este posto con esa titulación.

O Sr. alcalde aclara que a titulación que esixen equivale ao que era EXB.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que está ben, pero pide que quede claro iso, porque non debe ser unha barreira á hora de acceder a praza. E que unha vez aclarado iso o seu voto é favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que eles xa manifestaron na comisión informativa que o seu voto era de abstención, que non están en contra de que se creen novas prazas no concello, que isa é unha decisión que ten que tomar o goberno municipal, que eles a respectan, pero que manteñen o seu voto de abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que o seu grupo tamén vai votar a prol. Di que eles saben que as demandas dos responsables dos distintos departamentos eran superiores, pero entenden que se debe facer un proceso de estudo, de racionalización do cadro de persoal, que hai un estudo en marcha, e pensa que o correcto é o compromiso que se adoptou de que a partir das conclusións dese estudo o goberno se vai poñer a traballar cos representates sindicais para a reformulación definitiva de todo o cadro de persoal. Neste momento o que si era urxente era dotar as prazas de temas de seguridade, para que non se dean esas lagoas de dous o tres meses cada ano sen persoal no servizo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Aprobar o cadro de persoal funcionario, laboral fixo e eventual para 2008 segundo se transcribe a continuación e remitir copia á administración do Estado e á Comunidade Autónoma dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia xunto co resumo do orzamento, todo isto segundo o establecido no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por R.D.Legislativo 781/86, de 18 de abril:

PERSOAL FUNCIONARIO 2008

Denominación da praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior

Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financiera	2	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Técnico en integración social	1	C1	Administración especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

Animador xuvenil	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Sarxento policía local	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Cabo policía local	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Garda policía local	21	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	25	C2	Administración xeral	Auxiliar	
Auxiliar réximen interior	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	13	Outra agrupación profesional	Administración xeral	Subalterna	

PERSOAL LABORAL 2008

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora social	3	Titulado medio
Coordinador deportivo	1	Bacharel superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Graduado escolar ou equivalente

Auxiliar monitora 3ª idade	1	Graduado escolar ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Condutor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario condutor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

PERSONAL EVENTUAL 2008

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a comunicacións	1
Asesor/a en xestión de proxectos	1
Secretaria-o do grupo de goberno	1

Resumo	
Persoal funcionario	102
Persoal laboral	26
Persoal eventual	3

3º Catálogo de postos de traballo

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 12 de agosto do ano que andamos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que a relación de postos de traballo recolle unha serie de modificacións. En primeiro lugar, o incremento retributivo contemplado na Lei xeral de orzamentos. En segundo lugar, o contemplado na Lei de coordinación de policía locais, que implica clasificar aos policía locais no grupo C1. E, en terceiro lugar, unha modificación puntual do complemento de destino dunha serie de postos (tesoureiro pasa a ser 28, administrativos 22, encargado de obras 22, encargado de servizos 22, animador xuvenil 22, animador deportivo 22, delineante 22, auxiliar 18, auxiliar de réxime interior 18, auxiliar de turismo 18, informador xuvenil 18,

auxiliar de biblioteca 18, auxiliar de monitor da 3ª idade 18, operario condutor 14, oficial 14, operario 12 e traballador familiar 12).

Continúa dicindo que tamén hai modificacións nos complementos específicos, de tal modo que se modifica o complemento dos administrativos, xustificándoo na súa maior responsabilidade; auxiliares de biblioteca, polas condicións do seu posto; conserxes de instalacións deportivas, porque pasarían a realizar tarefas de limpeza ordinarias e extraordinaria, ata agora eran só as ordinarias; conserxe-notificador, conserxe de colexio público, conserxe-telefonista, conserxes en xeral, operario-condutor e operario de servizos.

Di que eses son esencialmente os maiores trocos que se inclúen na RPT.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que xa nas comisións informativas dixeron que esta información se lles presentou fóra de prazo, non teñen inconveniente en votalo, pero o que si viron foi que non hai informe do departamento de Réxime Interior, hai un informe de Intervención, pero que o único informe que hai de Réxime Interior é de data 6 de agosto, anterior á acta da mesa do día 7.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que o informe existe, e que tras ese informe volveu a reunirse a mesa de negociación onde se recolleron substancialmente as indicacións da área de Réxime Interior.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez expón que se os servizos técnicos din que é legal, que entón eles non teñen inconveniente en votar, e que como xa advertiron o seu voto vai a ser o de abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que descoñece se hai algunha matización de procedemento que haxa que facer, pero que se se entende que o procedemento está cumprido entón que eles van votar a prol.

Segue dicindo que, en todo caso, eles queren deixar constancia de que o proceso negociador que se levou adiante para algunhas categorías de traballadores e traballadoras municipais, ao seu entender debería ter levado adiante no contexto dunha negociación global do cadro de persoal, como xa dixo no punto anterior, e que de aí debería ter saído as retribucións, en función das novas responsabilidades ou características dos postos. Non obstante, como quen o fixo así foi o goberno municipal e existe acordo cos sindicatos, non teñen máis que dicir, aínda que pensan que o método debería ter sido outro.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao seu grupo, sen ter unha información demasiado obxectiva de como foi a negociación entre os representantes dos traballadores e o grupo de goberno, tamén lles tería gustado que esta negociación contemplara o global do cadro de persoal, e non aproximadamente a un 70%, que é, máis ou menos, o que contempla esta proposta. Desa maneira poderíanse ter evitado algúns agravios comparativos entre traballadores e incluso algunhas tensións dentro da empresa. En todo caso, di que respectan os acordos acadados entre os sindicatos e o goberno, pero que se van abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o que el ía dicir era máis ou menos o que dixo o Sr. Taibo, e que polo tanto o seu voto tamén vai ser abstención.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Aprobar o catálogo de postos de traballo para o 2008 segundo se transcribe a continuación e remitir copia á administración do Estado e á Comunidade Autónoma dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia xunto co resumo do orzamento, todo isto segundo o establecido no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por R.D.Lexislativo 781/86, de 18 de abril:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Especifica	Observacións
SECRETARÍA XERAL														
Secretaría Xeral	1	30	22.743,88	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	I	D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.412,26	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Xefe negociado (atención SAC)	1	18	10.370,66	N	C		C1/C2	A.G.	Admtva/aux.		No	B*/G*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	8	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar xestión (atención SAC)	5	16	6.117,94	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		J.L a S.
Conserxe notificador	1	14	4.738,88	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		

INTERVENCIÓN														
Interventor	1	30	22.743,88	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria e contabilidade	1	24	10.412,26	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11	
Téc.de xestión orzamentaria de Ing.e control F.	1	24	10.412,26	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	D.	3,11	
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	2	18	4.253,68	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
TESOURERÍA														
Tesoureiro	1	28	16.767,62	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
URBANISMO E RÉXIME INTERIOR														
Xefe de área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.218,40	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	17.096,34	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	17.096,34	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.
Aparellador	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8	D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9	D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.370,66	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22	D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14	D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	14.733,42	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	
Administrador sistema informático	1	22	5.004,38	N	C		C1				SI	FPII	17	D.D.H.
Encargado de obras	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
Encargado de servizos	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
Delineante	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	16	D.D.H.
Administrativo	3	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	7	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar réxime interior	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		
Informático auxiliar	1	16	4.254,40	N	C		C2				SI	CS	23	
Capataz de Brigada de Obras	1	14	11.766,21	N	C		A.P.				SI	C		D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Oficial de obras	1	14	3.371,18	N	C		A.P.				SI	C		
Operario condutor	2	14	3.000,00	N	C		A.P.				SI	C	19	
Operario servizos múltiples	3	12	2.864,60	N	C		A.P.				SI	C		
POLICÍA LOCAL														
Inspector policía local	1	22	13.897,44	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
Oficial policía local	2	18	13.343,76	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Policía local	20	16	12.848,98	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	12.848,98	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	16	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Axente protección civil	4	14	6.425,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.

SERVICIOS SOCIAIS														
Coordinador servizos sociais	1	26	12.257,74	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	7	D.D.H.
Educador social	1	24	6.849,90	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
Traballadora social	3	24	4.860,74	S	C		A2				SI	D.	15	
Técnico en integración social	1	20	6.117,94	S	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	20	D.D.H.
Auxiliar administrativo	2	18	4.253,68	N	C		A3	C2	A.G.	Auxiliar	NO	G*		
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	2.971,74	N	C		C2				SI	G*		
Traballadora familiar	2	12	2.199,60	N	C		A.P.				SI	C		
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE														
Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.257,74	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L		D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	15.752,98	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
Dinamizador Cultural	1	24	6.849,90	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	D.		D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	5.690,28	N	C		C1				SI	B*	18	D.D.H.
Animador xuvenil	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
Animador Deportivo	2	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	3	18	4.253,68	N	C		A3	C2	A.G.	Auxiliar	NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	2.971,74	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	6	14	6.808,84	N	C		A.P.	A.G.	Subaltemo		NO	C		J.N.
Conserxe de colexios públicos	3	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subaltemo		NO	C		
Conserxe	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subaltemo		SI	C		
EMPREGO														
Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	10.911,94	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	7.880,98	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	7.880,98	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.253,68	N	C		A3	C2	A.G.	Auxiliar	NO	G*		
ALCALDÍA														
Auxiliar de Alcaldía	1	18	10.680,70	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor comunicacións	1	25	5.610,00	E	I		A1/A2				no	L/D		
Asesor/a en xestión de proxectos	1	25	5.610,00	E	I		A1/A2					L/D		
Secretaria-o do grupo de goberno	1	18	4.788,50	E	I		C1/C2				NO	B*/G*		
Condutor de alcaldía	1	14	10.764,70	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Antonio Varela Saavedra

A secretaria accidental

M^a Ángeles Gutiérrez Sánchez